

A CIVILIZACIÓN MICÉNICA OU AQUEA

Cronoloxía:

1600 a.C.- Invasión aquea. Primeiras cidades.

1400 a.C.- Ocupación de Creta.

1250 a.C.- Expedición contra Troia

1200 a.C.-Declive da civilización micénica.

Un novo pobo indoeuropeo, os aqueos, instálanse na Hélade sobre o ano 1600. Da fusión deste pobo coas poboacións indíxenas e coa influencia da civilización minoica vai nacer a civilización grega.

Constrúen cidades/pazo, fortificadas, a máis famosa Micenas, pero tamén Pilos, Argos ou Tirinto. Á fronte destas cidades está un soberano ou “wánax”: non só tomaba as decisións militares e levaba a meirande parte do botín, senón que ademais, pola súa ascendencia divina, tiña un papel preponderante no culto.

Logo, sometidos a ese soberano, estaba un grupo de nobres ou “áristoi”, que o acompañaban nas campañas. Ademais había labregos e escravos e algúns artesáns.

É un pobo guerreiro que usa armas de bronce e carros de cabalos.

Este pobo asimilou a grandes trazos a civilización minoica ou cretense: recrearon a súa arte e adaptaron o silabario cretense (lineal A) á súa propia lingua, silabario lineal B ou micénico, un protogrego descifrado en 1953 que coñecemos grazas ás taboíñas de arxila que se coceron accidentalmente nos pazos incendiados; eran borradores nos que apuntaban sobre todo datos de tipo administrativo e que non foron feitas con intención de perdurar; mais, nelas aparece xa o panteón posterior, agás Apolo, Deméter e Afrodita; pola contra ten importancia unha deusa á que chaman “Potnia” (Señora).



Taboíña lineal B, s. XIII a. C.



A Cidade de Micenas foi escavada por Schliemann, o mesmo que escavara Troia e que descubrirá Tirinto e Pilos. En Micenas atopáronse sepulturas con máscaras funerarias de ouro e os restos do “mégaron” ou pazo real, ademais de casas de artesáns e funcionarios agrupadas en barrios. Antes de entrar no recinto amurallado encontráronse tamén tumbas de estancia circular, unha delas coñecida como Tesouro de Atreo. Accédese á cidadela pola famosa Porta dos Leóns, animal que parece identificaba os “atridas”. Nos

poemas homéricos Micenas leva o epíteto “a rica en ouro”.


Mitoloxía: Homero dinos que Agamenón era o rei de Micenas onde reinaba con Clitemnestra, a irmá de Helena, casada con Menelao, o irmán de Agamenón. Ambos son nomeados por Homero como “os atridas”, por seren fillos de Atreo.

A saga comeza con Tántalo, fillo de Zeus, que decidiu roubar a ambrosía e o néctar aos deuses para dárllelos aos homes e que adquiriran así a condicións de inmortais. Ademais, para probar a omnisciencia dos deuses, guisou a seu fillo Pélope e ofreceullo nun banquete aos



deuses. Tántalo é un dos eternos condenados a tormentos no Tártaro. O seu fillo foi resucitado polos deuses.

Pero como os gregos herdan as culpas dos seus pais, a cadea de crimes e desgrazas continúa cos fillos de Pélope: Atreo e Tiestes. Atreo invitou a seu irmán, co que se disputaba o poder de Micenas, a un banquete; de menú, os fillos de Tiestes. Co tempo, e por vinganza, Tiestes violou a súa propia filla Pelopia nas vésperas da voda con Atreo. Existo, froito desta violación, matará a Atreo e devolverá o trono a seu



Unha das cinco máscaras de ouro de Micenas. Agamenón?

pai Tiestes. Finalmente, Agamenón, fillo de Atreo, conquista o trono de Micenas coa axuda de Tindáreo, rei de Esparta. Cando vai partir contra Troia, sacrifica a súa filla Ifixenia aos deuses para ter ventos favorables, gañando así o odio da súa esposa Clitemnestra. Efectivamente, Clitemnestra durante os dez anos que Agamenón está ausente pola conquista de Troia, reina en Micenas con Existo, e, á volta, matan a Agamenón.

Finalmente, será Orestes por indicación de Electra, quen vingará a seu pai, matando a súa nai e a Existo. Orestes consegue a purificación dos seus crimes polos deuses, despois dunha etapa de loucura, rematando así a maldición.

De todo isto dannos razón: Esquilo na *Orestíada*, Eurípides e Sófocles en *Electra* e, por suposto, Homero.

